



**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA, PARA A FORMACIÓN DAS E DOS PROFESIONAIS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOBRE PERSPECTIVA DE XÉNERO E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar co Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia para colaborar na sensibilización social fronte á violencia de xénero e na formación de profesionais en materia de igualdade e prevención e tratamento da violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Este proxecto é ademais un primeiro chanzo cara a implantación nas redaccións galegas da figura de editora de xénero, unha nova ferramenta que axuda internamente aos medios a garantir nos seus contidos o respecto aos principios da igualdade de xénero. As actuacións a desenvolver no ano 2025 serán:

1. "Formación de formadores": Impartir formación en materia de igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero a un equipo de xornalistas coa finalidade de que adquiran os coñecementos e a especialización necesarios nesta materia para posteriormente formar a outros profesionais do sector.
2. Realización de obradoiros para xornalistas nos medios de comunicación de Galicia coa finalidade de dotar ás redaccións das estratexias didácticas e técnicas básicas para mellorar a calidade das informacións sobre violencia contra as mulleres que alí se elaboran ou supervisan.
3. Actualización e revisión do manual de estilo ao marco xurídico actual.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





A Lei 2/1999, do 24 de febreiro, de creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, no seu artigo 1 sinala que: créase o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, como corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

A creación dun Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia como entidade de dereito público deberá servir para ampliar e consolida-la tarefa dos xornalistas desde as súas asociacións, tendo como obxectivos fundamentais a defensa do dereito á información e a autoesixencia profesional. Trátase dun paso máis na defensa do dereito dos cidadáns a unha información veraz.

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia ten entre as funcións recollidas no artigo 3 dos seus Estatutos as de "exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración e colaborar con ela mediante a relación de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que poidan serlle solicitadas ou acorden formular por propia iniciativa", así como as de "organizar cursos para a formación, actividades e servizos comúns profesionais para as persoas colexiadas".

Polo anterior, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia considera importante colaborar coa Administración Autonómica Galega co fin de promover a igualdade entre mulleres e homes, e de loitar contra a violencia de xénero, sendo, pola súa capacidade e pola súa implantación en Galicia, un medio idóneo para a realización das accións previstas neste convenio.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, no que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é sensibilizar á cidadanía no rexeitamento frontal a todo tipo de violencia. Hai que ter en conta que é o único Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, que forma parte da Rede de Colexios Profesionais de Periodistas, suma máis de 1.100 colexiados repartidos entre as sete demarcacións coas que conta en toda Galicia: Santiago, A Coruña, Vigo, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra.





Así mesmo, os medios de comunicación teñen a obriga social de ser unha ferramenta para denunciar a violencia machista, concienciar á sociedade e servir de canle de difusión de mensaxes que contribúan á solución deste grave problema.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

